



DECRETO _ / _, do _ de _, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento, modificación e perda da condición de entidades colaboradoras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e se crea e regula o seu Rexistro.

A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, regula no título I a organización administrativa e os suxeitos intervinientes na xestión da terra agroforestal. O capítulo I concreta as competencias que neste ámbito serán desempeñadas pola Consellería do Medio Rural e pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, como ente coordinador das actuacións de recuperación e mobilidade de terras, así como as novidades no seu réxime xurídico, no modo de financiamento e na forma de xestión do seu patrimonio. Igualmente, régúlase un órgano consultivo e colexiado, denominado Consello de Xestión da Terra Agroforestal, con representación de todos os centros directivos ou entidades relacionadas e con funcións consultivas nos ámbitos da xestión da terra e da xestión da información nese eido.

O capítulo II ocúpase de regular outros suxeitos que participarán do novo modelo de xestión da terra agroforestal, e inclúe o Banco de Terras de Galicia e o Banco de Explotacións, que actuarán como instrumentos de intermediación, así como as agrupacións de xestión conxunta de carácter agrogandeiro ou forestal e as entidades colaboradoras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

As entidades colaboradoras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural son aquelas entidades de carácter público ou privado que contribúen ao cumprimento dos obxectivos da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, a través da cooperación coa dita axencia, mediante a realización, entre outras, de funcións de intermediación e acompañamento.

Na disposición derradeira novena da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, autorízase o Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da dita lei.

Este decreto consta de 25 artigos, distribuídos en dous capítulos que regulan o obxecto e réxime xurídico e o recoñecemento de entidades colaboradoras, modificación e a perda de tal condición e o seu rexistro. Complétase o decreto con dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, dúas disposicións derradeiras e dous anexos.

Na elaboración desta disposición observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Polo exposto, este decreto adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento



administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Segundo o disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, os proxectos de regulamento de execución de leis autonómicas requiriran ditame preceptivo deste órgano.

Na súa virtude e no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro do Medio Rural, oído o Consello Consultivo e despois de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día _ de _ de dous mil __,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto e réxime xurídico

Artigo 1. Obxecto

Este decreto ten por obxecto:

- a) Regular o procedemento para o recoñecemento da condición de entidade colaboradora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a modificación e a perda da dita condición (código de procedemento MR711E).
- b) Crear e regular o Rexistro de entidades colaboradoras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Artigo 2. Réxime xurídico

1. Para o non establecido neste decreto, aplicarase o previsto nas seguintes normas:

- a) Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- b) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- c) Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- d) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2. En canto ao cómputo de prazos, observarase o disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



CAPÍTULO II

Recoñecemento de entidades colaboradoras, modificación e a perda de tal condición e o seu rexistro

Artigo 3. Entidades colaboradoras

De conformidade co establecido no artigo 17.2 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, poderán obter a condición de entidade colaboradora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural:

- a) As entidades locais.
- b) Os grupos de desenvolvemento rural.
- c) As entidades asociativas de ámbito agroforestal, en particular, as organizacións profesionais e os sindicatos agrarios.
- d) As cooperativas e outras entidades de economía social.
- e) Os colexios profesionais do ámbito agroforestal.
- f) As entidades sen ánimo de lucro con obxectivos comúns aos desta lei.

Artigo 4. Requisitos para obter á condición de entidade colaboradora

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 3, será requisito para obter a condición de entidade colaboradora:

- a) Contribuír ao cumprimento dos obxectivos da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, a través da cooperación coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- b) Realización dalgunha das actividades recollidas no artigo 17.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- c) Presentar a solicitude no formulario normalizado (anexo I).
- d) Identificar ás funcións recollidas no artigo 17.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que se levarán a cabo.
- e) Ter a capacidade administrativa, financeira, operativa e un obxecto social ou equivalente compatible para cumprir os obxectivos das funcións que serán asumidas pola entidade colaboradora de entre as establecidas no artigo 17.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- f) Contar coas autorizacións, licencias, permisos ou ter realizado as declaracións responsables ou comunicacións previas que sexan preceptivas para o exercicio da súa actividade.
- g) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Ter oficinas abertas ao público.



i) Unha vez notificada a resolución de recoñecemento da condición de entidade colaboradora, será necesario, segundo o establecido no artigo 18.1 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia a formalización da dita condición a través do correspondente convenio de colaboración (anexo II)

2. Os requisitos das letras e), f) e h) acreditaranse mediante declaración responsable.

Artigo 5. Perda e modificación da condición de entidade colaboradora

1. A perda da condición de entidade colaboradora terá lugar ao abeiro da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a extinción do convenio de colaboración.

2. Será causa de perda da condición de entidade colaboradora a extinción do convenio de colaboración, nos termos previstos no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sendo causas de resolución, ademais das previstas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que conorra na entidade colaboradora algunha das circunstancias seguintes:

a) Deixar de cumprir os requisitos necesarios establecidos neste decreto para obter a condición de entidade colaboradora.

b) O incumprimento das obrigas das entidades colaboradores establecidas no artigo 16 deste Decreto.

c) A falta ou insuficiente acreditación da representación das persoas interesadas a favor da entidade colaboradora.

3. A modificación da condición de entidade colaboradora será solicitada pola entidade colaboradora a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), no que deberá indicar as funcións das que solicita a baixa ou as novas funcións que pretende realizar.

Artigo 6. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes para o recoñecemento e modificación como entidade colaboradora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>)

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).



2. As persoas solicitantes indicarán no formulario normalizado (anexo I) as funcións que pretende asumir a entidade colaboradora de entre as previstas no artigo 17.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

3. As persoas solicitantes realizarán as seguintes declaracións responsables, empregando para o efecto o formulario do anexo I:

a) A veracidade de todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan.

b) Ter a capacidade administrativa, financeira, operativa e un obxecto social ou equivalente compatible para cumprir os obxectivos das funcións que serán asumidas pola entidade colaboradora de entre as establecidas no artigo 17.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

c) Contar coas autorizacións, licencias, permisos ou ter realizado as declaracións responsables ou comunicacións previas que sexan preceptivas para o exercicio da súa actividade.

d) Ter oficinas abertas ao público.

e) Onde van estar situados os servidores web ou servidores HTTP e desde onde se van a prestar os servizos asociados ao mesmo

f) Se se teñen previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados aos mesmos, o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.

Artigo 7. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

Documentos acreditativos da personalidade e, de ser o caso, da representación da persoa solicitante:

a) No caso de persoas xurídicas, certificado expedido polo Rexistro Mercantil ou outros rexistros públicos que correspondan en función da personalidade xurídica de que se trate, en que se identifique a constitución e a representación correspondente, con indicación do seu alcance e vixencia.

b) De non achegarse o dito certificado, deberán presentar copia das escrituras de constitución e do poder de representación, debidamente inscritas no rexistro público que corresponda segundo o tipo de personalidade xurídica de que se trate, e das modificacións posteriores dos documentos indicados.

c) Copia do poder de representación.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e



ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade representante.
- d) Domicilio fiscal da entidade solicitante.
- e) Imposto de actividades económicas (IAE) da entidade solicitante.



f) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).

g) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.

h) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 9. *Emenda da solicitude*

1. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos neste Decreto e demais normativa aplicable, o órgano instructor requirirlle á persoa interesada que a emende no prazo de 10 días, nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, coa indicación de que se así non o fixer, teráselle por desistido da súa solicitude, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21.

2. Co fin de completar a instrución do procedemento, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá requirirlle á persoa solicitante que achegue aqueles datos, documentos complementarios ou aclaracións que resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento.

Artigo 10. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. *Órganos competentes*

1. O órgano competente para a instrución do procedemento de recoñecemento, modificación e perda da condición de entidade colaboradora é Secretaría Xeral da Axencia.

2. Corresponde a resolución do procedemento á persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.



Artigo 12. *Instrución*

A solicitude de recoñecemento de entidade colaboradora, modificación e perda de tal condición, e a documentación complementaria serán analizadas polo órgano competente para a instrución do procedemento.

Artigo 13. *Proposta de resolución*

O órgano competente para a instrución do procedemento ditará a proposta de resolución con base neste procedemento.

Artigo 14. *Resolución*

1. O órgano competente para a instrución do procedemento elevará a proposta de resolución ao órgano competente para a súa resolución, o cal resolverá a solicitude efectuada.
2. A resolución estimará ou desestimarán a solicitude efectuada. A resolución pola que se estime, total ou parcialmente, a solicitude efectuada, deberá conter, como mínimo, os seguintes pronunciamentos:
 - a) Recoñecerá a condición de entidade colaboradora ou a modificación de tal condición, cuxa eficacia queda demorada e condicionada á formalización do modelo normalizado de convenio de colaboración a través do formulario normalizado (anexo II), nos termos do artigo 18 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, e nos termos dos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
 - b) Especificará as funcións que asume a entidade colaboradora de entre as previstas no artigo 17.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, no caso de solicitude de recoñecemento ou modificación da condición de entidade colaboradora.
3. O prazo para a resolución do procedemento e para a notificación dos actos que lle poñan termo é de cinco meses, a contar desde o día seguinte en que a solicitude entrou no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, transcorrido o cal poderase entender desestimada por silencio administrativo a solicitude, de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Artigo 15. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro deste procedemento non porán fin a vía administrativa e contra elas poderá interporse recurso de alzada nos termos recollidos nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 16. *Obrigas das entidades colaboradoras*



Son obrigas das entidades colaboradoras as seguintes:

- a) A comunicar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a modificación das circunstancias que fundamentasen a obtención da condición de entidade colaboradora, no momento en que se coñeza.
- b) A subministrar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, logo de requirimento, toda a información necesaria para verificar o cumprimento por aquela das súas obrigas, e de que sigue cumprindo os requisitos e condicións da obtención da condición de entidade colaboradora, que debe de manter durante a vixencia de tal condición.
- c) A comunicar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a baixa da persoa xestora do sistema de información de terras de Galicia (Sitegal) á baixa da dita persoa como empregada da entidade colaboradora.

Artigo 17. Funcións das entidades colaboradoras

So poderán levar a cabo as funcións que se definen no formulario normalizado (anexo I) e que se especifiquen no convenio de colaboración.

As funcións das letras a) e c) do artigo 17.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, atribuiranse conxuntamente con, polo menos, calquera outra do mesmo artigo que deberá solicitar a entidade colaboradora.

Artigo 18. Convenio de entidade colaboradora

1. No prazo máximo de seis meses contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución do procedemento, procederase a formalizar o correspondente convenio de colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Para a subscripción do convenio e os seus efectos realizaranse os trámites preceptivos do artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. O convenio de colaboración terá o contido previsto no artigo 18 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia e o contido previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. O convenio entrará en vigor e resultará eficaz o día da súa sinatura e terá unha vixencia de catro (4) anos, sen prexuízo do disposto no artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos.

CAPITULO III

Do Rexistro de entidades colaboradoras

Artigo 19. Creación do rexistro de entidades colaboradoras e a súa publicidade



1. Créase o Rexistro de entidades colaboradoras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no cal quedarán rexistradas ás entidades colaboradoras que adquiren tal condición mediante a formalización do correspondente convenio de colaboración.
2. O Rexistro, que non terá carácter administrativo, é de consulta pública, manterase actualizado de conformidade co artigo 18.2 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, e estará accesible na sede electrónica da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Artigo 20. Contido do Rexistro de entidades colaboradoras

O rexistro de entidades colaboradoras conterá como mínimo os seguintes datos básicos, que serán públicos:

- a) Un número de índice correlativo.
- b) NIF da entidade colaboradora.
- c) Nome da entidade colaboradora.
- d) Data da resolución pola que se obtivo a condición de entidade colaboradora.
- e) Data de formalización e entrada en vigor do convenio de colaboración.
- f) Data de extinción do convenio.
- g) Data da prórroga ou modificación do convenio.
- h) Data de extinción do convenio modificado ou prorrogado.
- i) Funcións asumidas pola entidade colaboradora de entre as previstas no artigo 17.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Artigo 21. Procedemento de inscrición, modificación e baixa

1. A inscrición requirirá da previa formalización do correspondente convenio de colaboración.
2. A modificación da inscrición requirirá da previa formalización da modificación do contido do convenio de colaboración.
3. A baixa da inscrición requirirá da previa extinción do convenio de colaboración.
4. A inscrición, modificación e baixa realizarase de oficio pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Artigo 22. Transparencia e bo goberno

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas que obteñan a condición de entidade colaboradora están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de



transparencia e bo goberno, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 23. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 24. Axuda financeira

A concesión de axuda financeira da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ás entidades colaboradoras en concepto de compensación dos gastos en que incorran no exercicio das funcións que asuman, prevista no artigo 18 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, requirirá da aprobación das bases reguladoras da axuda e a correspondente convocatoria.

Artigo 25. Control, inspección e auditoría



A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pode realizar as tarefas de control, inspección e auditoría necesarias nos traballos realizados polas entidades colaboradoras ao abeiro deste decreto, para os fins de detectar posibles incumprimentos.

Disposición adicional primeira. *Oficinas agrarias comarcais*

Este Decreto non é de aplicación as oficinas agrarias comarcais que desenvolvan as funcións previstas para as entidades colaboradoras, nin as súas persoas xestoras do sistema de información de terras de Galicia (Sitegal).

Disposición adicional segunda. *Actualización de modelos normalizados*

De acordo coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os modelos normalizados aplicables na tramitación dos procedementos regulados neste decreto poderán ser actualizados co fin de mantelos adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación dos modelos actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria a súa nova publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición transitoria única. *Recoñecemento de entidades colaboradoras en tramitación*

Ás solicitudes de recoñecemento de entidades colaboradoras presentadas e aos procedementos iniciados para tal recoñecemento antes da entrada en vigor deste decreto seralles de aplicación o mesmo, sustanciándose polas normas establecidas nel.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación*

Autorízase á persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor no prazo de vinte días naturais dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, _ de _ de dous mil vinte e tres



Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente da Xunta de Galicia

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

ANEXOS I a II

ANEXO I. SOLICITUDE.

ANEXO II. CONVENIO DE COLABORACIÓN.